



CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

Nº 108

Novembro

Editado 29/11/11

O NOSO CLUB TEN NOVA DIRECTIVA!!!

O pasado día 14 de novembro a nosa socia Lourdes Castiñeira Souto foi proclamada nova presidenta do noso club, ao ser a única candidatura presentada, converténdose así, na primeira muller en selo despois de 69 anos de historia de Montañeiros Celtas.

Con ela, un grupo de mozas e mozos, valentes, que se atreven co cumio de maiores dificultades, porque ademais de ser montañeiros, escaladores, espeleólogos, mergulladores, esquiadores,... queren que esta segunda casa de todos siga tendo as portas sempre abertas para facilitar o necesario aliño que cocina a vida de tódolos socios, un a un, e colectivamente.

Esta nova Directiva considera o seu deber favorecer e permitir que sigan nacemento novos montañeiros, escaladores, esquiadores, mergulladores, espelólogos,... e practiquen estas actividades case como unha filosofía de vida. Queren, e necesitan, contar con todos vós para poder dirixir e representar ao Club sen perder o sorriso.

“Cando eu entrei no Club...”, é unha frase almacenada na cabeza de tódolos socios, si, porque cando un vén a Montañeiros Celtas sempre comeza as actividades da man dun socio que ten máis experiencia e que tamén pode facer de guía, máis non é só facer de guía por unha ruta, senón que é un proceso denso e longo de formación do montañeiro. A nosa recente nomeada presidenta camiñou os seus primeiros pasos de socia da man de Roberto e quere dende aquí mandarlle unha grandísima aperta, moi merecida.

Os membros desta Xunta Directiva témoslle moito amor ao entorno da montaña e ao noso Club e queremos contaxiar a tódolos socios ese mesmo sentimento.

A Xunta Directiva

Neste número:

<i>Nova Directiva</i>	1
<i>70 Anos</i>	1
<i>Novas Club</i>	2
<i>Actividades Sociais</i>	3
<i>Esquí</i>	4
<i>Bici</i>	4
<i>Sendeiros</i>	5
<i>Montaña</i>	5
<i>Escalada</i>	5
<i>Espeleoloxía</i>	6
<i>Mergullo</i>	7
<i>Infantil e xuvenil</i>	8
<i>V Gran Travesía</i>	9
<i>Vindeiras</i>	12
<i>Actividades</i>	



Co lema “SETE DÉCADAS, SETE EXPERIENCIAS” estamos a preparar diversos actos conmemorativos para celebrar os 70 anos de vida que o próximo 2 de febreiro fará o noso club.

E para comezar, a CEAANUAL do club celebráremola o día 28 de xaneiro, e será tamén o noso punto de partida para os diferentes actos que se realizarán ao longo do ano 2012. Todos xuntos fomos quen de construír o que agora somos, un club cunha traxectoria importante, e por iso ben merecemos darnos esta homenaxe, con charlas, exposicións, proxeccións, etc para seguir así enriquecéndonos coas experiencias pasadas e cos proxectos futuros.

A través da páxina web e de futuros boletíns iremos informando sobre as próximas actividades relacionadas cos 70 ANOS de vida de CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

NOVAS DO CLUB

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

PRESIDENTA	LOURDES CASTIÑEIRA
VICEPRESIDENTA PRIMEIRA	CRISTAL CABEZAS
VICEPRESIDENTA SEGUNDA	MARISA NÚÑEZ
SECRETARIA	ROSA SOLIÑO
TESOUREIRO	ALBERTO FONTENLA
VOGAL MONTAÑA	CARLOS FERNÁNDEZ
VOGAL SENDEIROS	OLIVIA VIDAL
VOGAL ESPELEO	CAROLINA RODRIGUEZ
VOGAL ESCALADA	IAGO RODRÍGUEZ
VOGAL MERGULLO	ÓSCAR QUIÑONES
VOGAL ESPELEO	CAROLINA RODRÍGUEZ
VOGAL ESQUÍ	MARCOS RODRÍGUEZ
VOGAL INFANIL	DANIEL COVELO
VOGAL INFANTIL	PENÉLOPE
VOGAL XUVENIL	ALBERTO FONTENLA
VOGAL BICI	PEDRO RODRÍGUEZ
VOGAL BIBLIOTECA	PRESIDENCIA E
	VICEPRESIDENCIA
VOGAL REFUXIOS	ROSA SOLIÑO
VOGAL ACTIVIDADES SOCIAIS	CONCEPCIÓN NÚÑEZ



A presidenta Lourdes Castiñeira no centro, rodeada dos membros da Xunta Directiva

NOTA INFORMATIVA.-Pregamos a todos aqueles socios que pagues as súas cuotas sociais a través de Novagalicia Banco, faciliten o novo número de conta, por teléfono ou correo electrónico, debido aos erros nos cobros dos recibos por mor dos cambios que sufriu a entidade.

MAGOSTO

O pasado día 20 de novembro reunímonos, como todos os anos, no refuxio do Aloia para celebrar o xa tradicional Magosto. O día saíu “redondo”.

Lucíu o sol. Maiores e máis pequenos, compartimos charlas, bromas, xogos, bo humor e moreas de castañas. Grazas a todos por participar.



VINDEIRAS ACTIVIDADES FESTA DE NADAL- 16 DE DECEMBRO NO LOCAL SOCIAL

O venres 16 de decembro será a festa de fin de ano no local social do Club, a partires das 21:00h.

Xuntarémonos para celebrar o fin de ano. E agardamos contar coa aportación dos socios, para que deleiten aos seus compañeiros co seu mellor repertorio gastronómico: todo será benvido, doce ou salgado.

Nós teremos preparados uns pinchos e algo para beber. Esperámosvos a todos, cantos máis sexamos, mellor o pasaremos, e si traedes preparado algunha panxoliña mellor, que mellor.....

CEA ANUAL DO CLUB- SÁBADO 28 DE XANEIRO

(avanzarémvos toda a información , en próximo boletín)



Comeza o frío e comeza a tempada de neve. Aquí tedes un avance das próximas actividades. Lembraide que segundo se aproximen as datas, a información estará á vosa disposición de modo máis completo no club e na páxina web.

Esquí, Vindeiras Actividades

17-18 Decembro 2011.-

Xornadas De Encerado E Mantemento De Esquí
Iniciación Ao Esquí De Travesía En Manzaneda

Sábado 17:- Xornadas de encerado e Mantemento de Esquí

No local social a partir das 10:00 da mañá ata 13:30, faremos unha xornada practica de preparación do material de esquí de travesía, tocando os seguintes puntos:

- ¿Por que encerar os esquís?
- ¿Cando encerar as táboas?
- Materiais para un encerado caseiro
- O proceso do encerado
- Alguns consellos para o mantemento das tablas

Domingo 20. Xornadas de Iniciación ao Esquí de Travesía en Manzaneda

Dado que a cantidade de material de esquí que temos no Club é limitado, faremos unha xornada para practicar a colocación de peles de foca, ascensión con esquís e descenso, e tamén a utilización do ARVA.

Actividade destinada a socios sen experiencia e interesados en achegarse ao esquí de Travesía, pero que xa teñan algún coñecemento do esquí en pista.

O transporte será en vehículos particulares. A actividade iniciárase sobre as 10:00 da mañá na estación de esquí de Manzaneda, farase un percorrido pola estación Manzaneda

14-15 De Xaneiro 2012: Esquí En Ancares.

Esta data a reservamos por se a actividade de Decembro en Manzaneda non se pode facer por falta de neve, polo que trasladaríamos a Xornada de iniciación de esquí de Manzaneda a esta data, no caso contrario trataremos de organizar una saída de esquí de travesía en nos Ancares.

4-5 Febreiro: Percorrido De Raquetas E Esquí De Montaña Da Fgm En Ubiña

Organiza o Club Montañeiros Celtas este ano a actividade Federativa que se vai a realizar na provincia de León. A actividade será o sábado e o domingo (a definir) nos arredores de Ubiña, onde pernoctaremos no refuxio da federación.

Esta actividade está pensada para persoas que teñan experiencia no esquí de travesía. Para os participantes con raquetas de neve indicar que se trata dunha actividade técnica e esixente.

25-26 Febreiro- Xornada De Esquí En Alto Campoo-cantabria

Clásica saída anual de esquí alpino que este faremos na estación de Alto Campó en Cantabria (en caso de que as condicións da neve non foran boas se cambiaría de estación), tendo en conta o éxito da edición pasada.

Sairase puntualmente o venres ás 08:00 fronte ao Club, chegando sobre a 1:30 da madrugada ao Albergue.

O Club encargárase das reservas do albergue e forfait.

O material poderase alugar en Vigo uns días antes, e despois de dous días esquiando, sobre as 17:00 iniciamos o retorno a Vigo.

17-18 De Marzo. Esquí De Montaña No Porto De San Glorio-cantabria

Actividade de Esquí de travesía, dirixida a deportistas que teñan experiencia neste deporte, xa que ten unha dificultade medio-alta.

BICI MONTAÑA

Bici Vindeiras Actividades

Para despedir o ano e chegar con apetito á cea de Nadal, o sábado 24 de decembro acercámonos á Ramallosa para facer unha ruta polos montes de Ramallosa e Baiona

Temos dúas alternativas preparadas, unha por se chove e outra por se diluvia. Vamos, que non tedes escusa.

Ademais aproveitaremos a ocasión para vernos e intercambiar ideas para o próximo ano, porque a tempada de bici se presenta “movidita”.

Punto de encontro: Ramallosa, aparcadoiro 50 m antes da ponte indo dende Vigo. (Ver mapa na páx. web)- Hora: 10:00 a.m. Duración aprox. 4h

Temos proxectadas máis actividades que iremos publicando segundo se vaian aproximando as datas.

A intención é organizar unha actividade por mes, así que ide mantendo as bicis para pedalear o 28 de xaneiro por Coruxo, o 18 de febreiro por Ourense con final nas Termas, o 10 de marzo polos montes de Pontearreas, en abril por camiños portugueses, unha de semana con durmida no albergue de Ponte da Lima, en maio por Ancares,... e así ata final de ano.....Imos poñermos moi, pero que moi en forma.....!!!!



SENDEIROS

SENDEIROS- VINDEIRAS ACTIVIDADES

Día 1 Xaneiro 2012

Dende a sección de Montaña e sendeiros cremos que o mellor modo de inaugurar esta nova tempada é convocarvos a todos o próximo día 1 de xaneiro no PARQUE FORESTAL DO GALIÑEIRO ÁS 12 DA MAÑÁ, para facer o pequeno percorrido de subida ó Galiñeiro. O mal tempo, ou o cansazo da noite de fin de ano non poden ser unha excusa para non acudir á cita.

Unha saída breve que nos permitirá brindar dende o cumio de noso querido Galiñeiro polo 2012 e inaugurar así un novo ANO MONTAÑEIRO, que esperamos poidamos compartir con todos vós.

Non vos esquezades da cita! Ah! Podedes levar champan, ou cava, ou turróns, ou....

Domingo 29 De Xaneiro- Montes Do Morrazo

Para gozar de estupendas paisaxes non é preciso saír moi lonxe das nosas casas. Aquí, ao noso redor temos lugares fermosísimos.

Nesta ruta que vos propoñemos sairemos de Santa Cristina de Cobres, pasaremos polos Muíños do Río Maior, subiremos ao auténtico monte Xaxán, veremos o dolmen de Chan de Arquiña, chegaremos ao monte Faro, Domaio, Paralaia, para rematar en Cangas.

Domingo 19 Febreiro-trilho Do Glaciar e Do Alto Vez

Sairemos da pequena aldea de Sistelo, no límite do Parque Nacional de Peneda-Geres, para adentrarnos nun corto, pero intenso sendeiro que nos levará, a través de camiños, antaño utilizados para guiar o gando, a descubrir impresionantes

ano, probablemente atoparemos neve no percorrido, un aliciente máis para deixar a “mantiña” en casa este domingo.

Esta actividade queremos compartir tamén cos máis novos, porque é bo que xuventude e veteranía se dean a man de cando en vez, así que animamos aos máis cativos a compartir con nós esta pequena aventura, que a Sección de Sendeiros e a Infantil están a preparar...

Distancia: 15km,

Desnivel: 600m,

Dificultade: Media

Domingo 11 De Marzo.- Mosteiro Ganfei Mosteiro San Fins (Valença Do Minho)

Iremos nesta ocasión ao noso veciño Portugal. Comezaremos a camiñar a 3 km de Valença, no mosteiro de Ganfei, e, por pistas de monte, non tardaremos en chegar ao bonito Mosteiro de San Fins, belísimo e pouco coñecido que, aínda que en ruínas e por estar nunha paraxe moi frondosa será un agasallo para os ollos. É digno de ser un mosteiro da nosa xa coñecida Ribeira Sacra.

Despois de descansar e admiralo, baixaremos a tomar un barato café, veremos despois a praia fluvial á beira do Miño, na aldea de La Pela, onde os máis valentes subiremos á súa altísima torre-fortaleza.

Lonxitude: 18 km.

Dificultade: fácil

MONTAÑA

MONTAÑA- VINDEIRAS ACTIVIDADES

Febreiro 11-12 Iniciación Á Travesía Invernal E Marcha Invernal

Queremos con esta saída que os que aínda non se animaron nunca a facer unha travesía, comencen a prepararse para participar nesta que temos pensada, porque é asequible e, se hai neve, seguro que vos parecerá espectacular, e co aliciente de poder estar no cumio de Galicia. Poder contemplar a saída e posta do sol rodeados de silencio, neve e montañas é algo que se vos quedará gravado nas vosas pupilas.

Para os que non se queiran animar á travesía, non vos preocupedes que tamén hai camiñada o sábado e o domingo, e se durmirá resgardados

Marzo 17-18 Peña Prieta E Tres Provincias

Peña Prieta de Tres Provincias encóntranse na Cordilleira Cantábrica.

O Peña Prieta con 2539 metros é o pico máis alto desta cordilleira e está repartido entra Cantabria e Palencia.

O Tres Provincias, é algo máis baixiño, 2497 metros, intentaremos acadar os seus cumios, na nosa ruta baixaremos polo val da Lunada, e se temos sorte poderemos ver os rebecos que moitas veces baixan a esta zona para buscar alimento

ESCALADA

Estimados amigos nestes meses de choiva está complicado ir a trepar así que queremos informarvos que se vai abrir unha lista no club para que a xente que estea interesada en ir a escalar se anote e cando veñan uns días bos poñerémosnos todos en contacto e aproveitaremos para trepar un pouco.

Campamento Social GES M Celtas 29 outubro-1 novembro en Vegacervera (León)

Aproveitando unha ponte longa, decidimos volver á zona de Vegacervera, onde ademais da Cova de Valporquero atópanse moitas máis cavidades que moitos non coñecían.

Alá nos demos cita, membros do noso club e doutros para gozar duns días de covas, que aparte de ser un pouco frescos, o tempo acompañounos sen queixa ningunha.

En total 20 espeleólogos: 11 do club, 3 da Agrupación Espeleolóxica Ramaliega (AER), 2 do GE Sil (de León), 2 do CEM Taranis (Lugo) e 2 do G.E Polifemo (de Oviedo). Como vedes, por social....non quedou...

Uns días nos que uns descubriron a espeleo e o de estar colgado nas cordas, e outros gozaron co que nos gusta.....todo anemizado por un ambiente estupendo entre xogos, adiviñas, bromas, risas, pinzas, mordiscos e unha sarta de historietas que fixeron que non nos aburríramos en ningún momento.

Visitamos as covas de Lendreras, El Arenal, Fondillo e, por suposto, a de Valporquero....fixéronse tamén prácticas de técnica vertical nunha parede próxima a Lendreras, e tamén pateamos polo Valle del Marqués e visitamos a ferverza de Valdorra, no val do Curueño....

A zona non ten desperdicio, e coas cores que tiñan os bosques....qué vos imos a dicir.....

Os días rematáronse pero as risas chegaron ata Vigo....e seguirán...

Moitas grazas aos que participastes e tamén a Andrea e Paco (GE Sil) por mostrarnos recunchos que non coñeciamos de El Arenal. Tamén agradecemos ao Concello de Vegacervera a cesión do pavillón municipal para a celebración deste campamento.

Vémonos na seguinte!!



PRÓXIMAS ACTIVIDADES:

XV CAMPAMENTO INFANTIL- ORGANIZA FGE GES. M CELTAS (3-4 DECEMBRO)

Levarase a cabo en Pedrafita do Cebreiro- Lugo. Imprescindible licenzia Federativa.

Se as condicións meteorolóxicas fosen adversas, se iría á zona de Parque Natural da Enciá de Lastra.

.CEA ASEMBLEA anual Ges-M Celtas.(14 DE XANEIRO)

Lembrede que, como cada ano, temos reunión no local social.

.XORNADAS EN VERTICAL (22-23 XANEIRO)

Tan importante son ás saídas ás covas, como unha boa preparación previa, por iso e como cada ano, desprazáronos ata Mondoñedo para facer prácticas coas cordas, seguros, descensores, para que despois todo sexa máis doado.

. CAMPAMENTO INFANTIL- XUVENIL (3-4 MARZO)

Liñares, en Pedrafita do Cebreiro acollerá a nenos e mozos para que se inicien na espeleoloxía. Ademais de descubrir unhas covas “aptas” para todos os públicos, pasarémos unha fin de semana nun espazo natural marabilloso.

OUTONO NOS ANCARES- 4-5 NOVEMBRO

Como o outono está cada vez máis avanzado quixemos poder gozar desta estación cunha saída de fin de semana a Ancares.

Burbia recibíunos cos brazos abertos, coas cores amarelas e ocres, con castiñeiros centenarios e carballos inmensos que pouco a pouco van perdendo as follas para alfombrar o chan e mulir o noso camiñar, con acivros cos seus froitos vermellos, con castañas, con chuvia, pero sen frío, e cun montón de xente con ganas de pasalo ben. A actividade estivo un pouco condicionada polo tempo. Aínda así houbo un grupiño de intrépidos que se atreveron a facer unha travesía durmindo, despois de pasar por varias cabanas, na que está na subida ao Mostallar por Lago, para o día seguinte subir ao seu cumio. O resto regresariamos despois de acompañalos ata Campo del Agua uns e ata a primeira cabana outros, e durmiriamos quentiños no albergue, despois dunha cea tamén quentiña e apetecible.

A aldea de Campo del agua está moi ben arranxada e as súas casas con seus tellados de palla recórdannos un pasado de vida difícil e de illamento.

O espeso bosque que sube cara ao Mostallar estaba precioso, aínda que durante todo o camiño a chuvia non deixou de nos acompañar. O cumio estivo un pouco agochado pola brétema e o vento obrigounos a nos retirar en seguida para regresar, en saída circular, de novo a Burbia, non sen antes atravesar outro precioso bosque outonal.

Coma sempre o regreso en bus estivo cheo de animación e risas.



MERGULLO

VINDEIRAS ACTIVIDADES

Martes 6-deseembro-2011.. Inmersión Na Ría

Aproveitaremos esta semana chea de días festivos para, polo menos un deles, dadicalo a contemplar a nosa variada fauna e flora subacuática...

Sábado 31-deseembro-2011.....Inmersión Fin De Ano

Como xa é tradicional, o día de Fin de Ano pola mañá si ou si mergullaremos; que mellor maneira de preparar o fin de ano que refrescándonos en compañía de nosos amigos...seguro que despois pola noite todo resultará máis gozoso...

Como sempre as datas van depender do estado do

mar, por iso estade atentos, e informádevos antes.

Podedes facelo no club ou a través do correo da sección mergullo@celtas.net

Para o vindeiro ano pretendemos facer unha saída ao mar por mes. As datas as iremos especificando segundo o estado do mar:

XANEIRO: Xornadas de reciclaxe e prácticas de técnicas de Mergullo en augas confinadas

FEBREIRO: Saída Ría de Vigo. Cabo de Mar

MARZO: Saída Ría de Vigo.

FÍXOSE NOUTRAS DATAS, PERO A OPERACIÓN BENXAMÍN NON PERDEU O SEU ESPÍRITO

Este ano cambiamos primavera por outono, e así a Operación Benxamín cambiou de estación, pero non de espírito.

Coas mochilas cargadas de moita ilusión por ir introducindo pouco a pouco aos máis novos no mundo da montaña e dos deportes ao aire libre, un ano máis aprendemos a facer unha mochila, a saber o que é un compás, para que se usa e como se emprega. Gozamos das paredes verticais do galiñeiro cunhas xornadas de escalada moi intrépidas, camiñamos por sendeiros do Aloia e do Galiñeiro, aprendendo así a apreciar o vida que teñen e a que tiveron, pedaleamos por camiños, e o Galiñeiro sempre aí, como amigo vixilante, fomos en barco, porque a nosa Ría ten unha gran riqueza de paisaxes, de sendeiros, tamén xogamos a xogos diversos, e finalmente cociñamos, participando todo nese xa tradicional concurso que tanto nos gusta..

Agora queda continuar con máis e máis actividades para seguir afianzando pouco a pouco ese espírito montañeiro Celta.

Este ano pedímoslles aos rapaces que escribiran unhas frases referentes ás actividades realizadas. De entre os 22 rapaces que participaron, aquí tedes algunhas frases que recolleemos.

- Esta Operación Benjamín ha sido muy divertida, aunque haya llovido un poco fue muy... ¡Chachi piruli! (Candela 11 anos)
- La Operación Benjamín fue muy divertida, lo que más me gustó fue el concurso de cocina (Daniel 11 anos)
- Como siempre lo mejor de la Benjamín fue el concurso de cocina, y por 2º años consecutivo, fue todo comestible. (María 13 anos y Sara 13 anos)
- La armonía que se alcanza al realizar los senderos de "Operación Benjamín" es incomparable (Iván 12 anos)
- Me ha parecido muy excitante poder visitar estos lugares interesantes y realizar las divertidas actividades (Javier 15 anos)
- Me gusto mucho todos los viajes pero sobre todo el Galiñeiro (Pablo 8 anos)
- Me gustó el Galiñeiro y el Aloia pero lo que más me gustó fue la escalada (Arturo 9 anos)
- Lo que más me gustó fue el Monte Aloia (Martín 9 anos)
- O que máis me gustou foi o Galiñeiro con as bicis (Jaime 11 anos)
- Debería haber un tobogán de agua en el Galiñeiro. (Martín 11 anos)
- Lourdes, dille a Escrich ou a quen organice esto, que hai poucas saídas, que hai que facer máis. (Ana 13 anos Mariño)
- Hola soy Uxía y me lo pasé muy bien. (8 anos)
- Me llamo Eli y me lo pasé muy bien en el barco (7 anos)



VINDEIRAS ACTIVIDADES

21-22 XANEIRO ACHEGAMENTO Á NEVE

Ídevos preparando! Un ano máis queremos que os máis novos se vaian introducindo no maravilloso mundo da neve e da montaña, así que sacade ese espírito montañeiro celta que sabemos levades dentro, e pasarémolo xenial aprendendo moitas cousas novas, pero tamén xogando cos monecos, as bolas de neve.... O lugar concretarémolo conforme se vaia acercando á data.

29 DE FEBREIRO- PORTUGAL

Desta vez iremos coa sección de sendeiros, porque é bo que mozos e maiores intercambiamos experiencias e aprendamos xuntos e uns cos outros. Os monitores iremos co grupo da sección, e preparamos algunha "sorpresa" para que todos gocemos deste domingo.

29 DE MARZO- BICI EN OURENSE


Colleremos o Tren para dirixirnos a Ourense, y dende alí faremos unha pequena ruta en Bicicleta, terminando nas Termas de Outariz. Ide poñendo a punto as vosas bicis.



Coas primeiras luces do alba se presumía un día espléndido para abordar unha aventura. Pouco a pouco chegabamos ao Bao, alí nos agardaba Alberto subido o teito da furgoneta e traballando para que nós gozamos dunha fin de semana facendo unha multiaventura das de quitarse o sombreiro: Kayak ata Melide, furna alí mesmo, escalada en Cabo Home, ruta pé ata Moaña, cruzar Rande (pero non pola autopista), e para rematar coller a bici e percorrer os montes ata o Aloia onde nos esperaba un xantar no refuxio que M. Celtas ten no alí- ¿Todo nun día? -Non, pero case... ¡¡uff!!

Comezamos no Bao oíndo as instrucións dos monitores de Kayak, un deles nos acompañou aínda que Vázquez foi o que dirixiu o cotarro. Houbo xente que non facía toda a aventura; outra posibilidade para que non se desanime ninguén. O Kayak co mar nunhas condicións das que Punset calificaría como ¡Amazing! Foi realmente unha experiencia moi agradable; a parte de ter outra perspectiva da paisaxe e da nosa ría.

Primeira parada para reagruparnos no faro que hai fronte de Samil, algunha xente fai fotos outros se entreteñen con xoguetas. Dende alí cruzamos cara Cangas, esperando a que pasara o barco que ía para ¿Cíes? Comeza a moverse un pouquiño a cousa, entre o paso de embarcacións e as correntes o mar vólvese un tanto xoguetón, sen problema. Seguimos o percorrido e comezamos a ver un avión de ICONA enchendo e soltando auga fronte as Illas Cíes. A verdade foi un espectáculo, e podelo ver así de preto mellor. Queremos supoñer que estaban a facer prácticas. Alguén debe ter fotos. Pasamos por entre as bateas e seguimos, agora eu xa un pouco canso de remar. Unha posibilidade que se me pasou é coller un Kaiak entre dúas persoas para repartir un pouco o choio, de feito houbo varios que si o fixeron. Xenial idea se che parece duro o de estar tantas horas remando. Chegamos á praia de Melide. Nos deixamos levar polas ondas para varar suavemente na area. Reagrupámonos e subimos un pouco



para gozar dun “tente en pé”; bebida e comida, e incluso melóns que é comida e bebida o mesmo tempo.

Se fan grupos para entrar pouco a pouco na furna. Neste caso son Miguel e Iago os guías. Equipámonos con cascos, neoprenos e calzado apropiado. Eu fun de cutre coas sandalias brasileiras, o que produciría algún que outro esvarón na baixada á furna. Alí estaba a furna na que entrabamos por un lado e saíamos por outro. Encantoume, tanto a furna en si como o emprazamento da mesma. De feito estaba fondeado un veleiro que tivo entretemento con nós por un bo rato.

Volvemos ao punto de reunión e de aí a Cabo Home onde nos esperaba Escrich instalando a zona de escalda e sacando o xantar. Poder escalar con esas vistas e o mar embaixo batendo nas rochas. De todas maneiras en canto apareceron os bocatas, a xente xa non sabía se xantar, escalar, escalar co bocata na boca ou xantar vendo o espectáculo dende as rochas. Eu fixen os meus pinitos axudado por Pit e deixei as miñas pegadas nas paredes das vías que fixen. Esta parte estivo un pouco xusta de tempo, xa que as nubes non presaxiaban nada que non fora acompañado pola chuvia.

Acabamos de xantar e xusto cando o noso guía de pateada, Víctor daba o “pistoletazo” de saída, comeza a chover. ¡Ala! Todos a poñer os chuvasqueiros.

Comezamos a patear e xa comezan a formarse grupos con



diferentes ritmos e zancadas. Por sorte deixa de chover. A parte inicial ata Aldán transcorre polo GR ... c o n calzadas empedradas e sendeiros. A s í chegamos a A l d á n atravesando a Praia e nos reagrupamos de novo. Novamente

a organización velando polo noso bandullo nos ofrece comida e bebida. Arrancamos por unha estrada de subida que non sei se ten algo que envexar a etapa do Angliru da volta a España. Agora collemos dirección Cangas. Seguimos percorrendo sendeiros e pistas con subidas e baixadas, algunhas por sendeiros marcados, outras como di Víctor; por rutas salvaxes. O tempo transcurre, a chuva volve esta vez para non marchar... e comeza anoitecer.

Chegamos a outro punto de control. Aquí atopamos unha casa onde están cortando un xabarín, seguramente cazado ese día. A noite comeza a chamar a porta do solpor e nós reanudamos a marcha. Algúns facemos os remolóns e aquí onde acontece un pequeno percance direccional e a conseguinte perda con respecto o grupo principal. Acabamos uns cantos (os nomes è o de menos) nunha estrada que volvíaa cara Cangas no medio da chuvía e a noite pecha cos frontais prendidos esperando nunha parada de bus a ver se alguén nos viña rescatar. Novamente a organización presurosa e dilixente nos recolle e leva o seguinte punto de control. Alí esperamos ata que chega o pelotón, aparecendo no medio da escuridade como un carreiro de vagalumes. A escuridade, a néboa, a chuvía, as luces dos coches e os frontais. Todo isto confería a situación un parecido coas películas nas que os protagonistas van desaparecendo todos pouco a pouco e o remate so queda un para contalo, non sen antes quedar traumatizado.

Volta a camiñar. Ataviados cos chuvasqueiros emprendemos a derradeira etapa que transcurre cunha néboa espesa que persoalmente me chegou a producir unha estraña sensación na vista, quizá polo resplandor da luz do frontal coa néboa... A pesar de todo, Víctor foi quen de levarnos polo bo camiño. E quero resaltar que sen el eu sería pasto das alimañas (unha perda totalmente asumible). Así non lle quítei ollo en todo o último tramo, non quería volver a perderme, je, je, je... ¡¡Vale!! - Si, eu fun un dos que se confundiu a propósito a primeira vez, ¡¡jejeem!!

Continuando co tema; Cando estamos a chegar a parte alta do Xaxán, un grupo comandado pola piloto local do Morrazo, dan un ataque sen posible resposta polo grupo principal. A baixada foi como se víramos un oasis no deserto. Todos conseguimos o obxectivo de chegar o pavillón, que realmente era o importante. E así gozar da ducha, dunha copiosa cea e o merecido descanso... ¡Alguén aínda tivo forzas para partir leña mentres durmía!


O día seguinte, Alberto, o organizador do cotarro encargouse do toque de diana, e pronto comezamos a saír dos nosos sacos como Walking Dead, ou sexa; mais mortos que vivos. Almorzamos e antes de que saíra o Sol xa estabamos en Rande para probar a auga...

Para quecer un pouco nos propuxeron levar a man a foraborda de protección civil ata o auga. Xa todo listo, e cada quen co seu estilo cruzamos Rande. Eu persoalmente è a actividade que mais temía, xa que facía moito tempo que non nadaba e ademais a



xente ía co seu neopreno e eu como di un amigo de Celtas co pelopreno, ¡e a xogar! Creo que estaba a auga bastante boa e o día amenceu cálido e sen vento polo que o peor foi cambiarse o saír do mar.

Agora so queda chegar ao Aloia en bici, ¡case nada!... Subimos cara o Vixiador na parte máis dura do percorrido, logo enlazamos co GR... para pasar por Peinador, subir o Cuvi pasando por detrás do mercantil, baixar o alto de San Cosme para tomarnos unhas rosquillas mercadas na feira e logo atravesamos o Galiñeiro pola parte Este onde puidemos parar a coller auga, bendita auga. Despois dun pequeno descanso continuamos enlazando co PR que vai do Gali o Aloia e algúns comezamos a gozar das baixadas,



V TRAVESÍA DA RÍA

e claro; o calor, a falta de auga e que nos podía a ansia por chegar, propiciou un pequeno incidente que fixo moito pó, pero non pasou de aí. Logo no seguinte posto de control todo foron risas e bromas. De aí xa so quedaba un pequeno treito ata o cumio do Aloia, onde nos esperaban cos brazos abertos e sinalando o reloxo. ¿Será que vimos moi lentos? Non, o que pasa è que a xente xa está na mesa...

O día estivo dos de sacarse o sombreiro, non tivemos que lamentar nin pinchazos, nin avarías nin percances, gozamos dunha boa compañía e o remate nos esperaba unha festa culinaria que foi despachada sen remilgos polos voraces aventureiros da V Gran Travesía da Ría de Vigo.

Coma sempre que se comparten estas e outras actividades en ambientes cordiais, distendidos e con xente que merece ser premiada por ser eles mesmos quen son; eu me quedo con iso, sen máis.

Agradecer a organización o seu bo facer, apertas e ata o ano que ven (sí ou sí).



CLUB MONTAÑEIRO CELTAS /CALENDARIO ACTIVIDADES

MES	DÍA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
DECEMBRO '11	3-4	Pedrafita -Lugo	XV Campamento Infantil	FGE-GES M.Celtas
	6	Vigo	Inmersión na Ría	S.D Subacuáticas
	10-11	Alvite-Ourense	Sendeiro e Montaña	S.D.Montaña
	16	Local Social	Festa Nadal	S.Actividades Sociais
	31	Vigo	Inmersión fin de ano	S.D. Subacuáticas
XANEIRO '12	venres/sábados	por determinar	prácticas augas confinadas	S.D. Subacuáticas
	1	Galiñeiro	Inauguración Ano Montañeiro	SD.Sendeiros/montaña
	9-13	Pirineos	Esquí de Montaña	FGM -EGAM
	14	Local Social	Cea Asemblea- GES- M Celtas	S.D Espeleoloxía
	14-15	Ancares	Esquí en Ancares	S.D. Esquí
	22-23	Trevinca	Achegamento á neve	S.D.Infantil
	22-23	Mondoñedo	Xornadas en Vertical	S.D. Espeleoloxía
	22-23	Por determinar	Curso Montañismo Invernal	FGM-EGAM
	28	Montes de Coruxo	Ruta de montaña	S.D Bici
	28	Por determinar	CEA SOCIAL DO CLUB	S.Actividades sociais
	29	O Morrazo	montes polo Morrazo	S.D.Sendeiro
	28-29	por determnar	Escalada en xeo	FGM-EGAM
	FEBREIRO '12	3	local	entroido
4-5		Peña Ubiña	Raquetas e esquí de montaña	FGM- M CELTAS
11		Ria de Vigo	Cabo de Mar	S.D. Subacuáticas
11-12		Trevinca	Iniciación á Travesía/marcha	S.D. montaña
11-12		por determinar	Esquí de montaña fóra de pistas	FGM-EGAM
11-12		por determinar	curso de esquí de montaña	FGM-EGAM
18		ourense	De la bici a las termas	S D Bici
19		Peneda- Geres	Trihlo do glaciario e Arco de Vez	S.D.Sendeiros/S.D Infantil
25-26		Alto Campoo	Xornadas de Esquí	S.D. Esquí
25-26		Ubiña	Curso alpinismo elemental	FGM-EGAM
MARZO '12		3-4	Ubiña	Curso de Alpinismo elemental
	3-4	Liñares-Pedrafita	Campamento Infantil Xuvenil	S.D Espeloloxía
	10	Vigo	Ria de Vigo	S.D. Subacuáticas
	10	Portugal	Paredes de Coura	S.D Bici
	11	Portugal	ruta dos mosteiros	S.D. Sendeiros
	10-11	por determinar	autorrescate e escalada en rocha	FGM-EGAM
	17-18	Porto S. Glorio	Esquí de montaña	S.D. Esquí
	17-18	San Glorio	Peña Prieta e tres Provincias	S.D. Montaña
	24	Ourense	Tren en Bici en Ourense	S.D.Infantil
	24-25	Por determinar	Curso Alpinismo-Corredores	FGM-EGAM